



CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 2764/11 ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO E A COMISARÍA DE POLICÍA DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO "V TORNEO DÍA DA POLICÍA".

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte Comisario Xefe Accidental de Comisaria Local do corpo nacional de Policia de Vigo D. Feliciano Gonzalez Álvarez con DNI 34593333-E.

MANIFESTAN QUE

Coa colaboración do Concello de Vigo e do IMD, desenvólvese durante o mes de setembro de 2014, o V Torneo do Día da Policía, organizado pola Comisaría Local do Corpo Nacional de Policia de Vigo, nas instalacións municipais do complexo de Travesas.

A organización deste tipo de eventos deportivos, ven consolidar a oferta deportiva da cidade de Vigo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua para desenvolver unha actividade deportiva, participando unha entidade importante da nosa cidade.
2. A Comisaría Local do Corpo Nacional de Policia de Vigo, comprométese á organización das diversas actividades deste programa deportivo para os participantes do evento, os días 4,9,12,15 de 16:00 a 20:00 h,o 19 de 17:00 a 19:00, o 23 de 15:00 a 18:00, o 26 de 15:00 a 18:00 e o 30 de 15:00 a 18:00 do mes de Setembro de 2014, nas instalacións deportivas municipais do complexo de Travesas.



3.- Responsabilizarse de expoñer a imaxe do Concello-Concellería de Deportes e o IMD nun lugar visible e relevante na instalación na que se celebre o evento deportivo. Incluirá a imaxe do Concello-Concellería de Deportes e do IMD nun lugar relevante na cartelería, material publicitario... Con este fin, na solicitude de exención, a entidade organizadora adxuntará unha proposta de imaxe do evento, debendo ser ésta aprobada pola Concellería previamente á sinatura do Convenio de colaboración.

4.- Tras o evento enviará telemáticamente, nun prazo de 5 días, á dirección mail da concelleriadeportes@vigo.org unha memoria da actividade que incluirá como mínimo os seguintes apartados:

- Nome do evento.
- Nº de edición do evento.
- Datos do organizador: Nome ou razón social, CIF, mail contacto, tlf contacto, Web se a ten, datos do responsable da actividade...
- Data e lugar de celebración.
- Breve resumo da actividade.
- Nº de participantes, clubs...
- Nº de asistentes ó evento.
- 3 Fotografías en soporte dixital do desenvolvemento do evento. Como mínimo nunha deberá aparecer a imaxe do Concello-Concellería de Deportes.

5.- Proporcionará á Concellería de Deportes e ó IMD a información complementaria que se lle esixa vinculada ó desenvolvemento do evento.

6.- Invitará formalmente ó Concello de Vigo-Concellería de Deportes e ó IMD á asistencia ó evento.

7.- A organización comunicará por escrito á Concellería de Deportes o protocolo de entrega de Trofeos e agasallos previa celebración do evento, no que o Concello de Vigo-Concellería de Deportes terá unha presenza relevante.

8.- As actividades organizadas polo IMD ou en colaboración con entidades deportivas non aboarán o prezo público que define a ordenanza de prezos públicos según o apartado "c" do artigo 6, e que neste caso ascende a 765.70 €.



9.-Comunicará á Concellería de Deportes e ó IMD calquera modificación nas condicións de celebración iniciais, debendo éstas ser autorizadas.

10.- O Instituto Municipal Dos Deportes de Vigo, achegará toda a infraestrutura necesaria para a realización da citada actividade, (instalacións, megafonía, electricidade, marcador etc.), así como colocará publicidade institucional nos espazos que considere oportunos.

11.- A vixencia deste convenio é para as citadas actividades.

12.- No caso de non cumprir con algunha das condicións esixidas polo Concello, éste poderá esixir á entidade o aboamento do importe pola utilización da instalación Municipal para a celebración do evento

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por triplicado, o día 2 de setembro de 2014.

O Alcalde de Vigo

Abel Caballero Álvarez

O Comisario Xefe Accidental da Policía

Feliciano González Álvarez